

mento IN514B), publicada no DOG nº 8, do 8 de maio de 2008, cómpre realizar as seguintes correccións:

Na páxina 8.275 no anexo A, Referenciais subvencionables, deben engadirse os seguintes referenciais:

Especificación	Descrición
UNE 183001	Aloxamentos rurais. Requisitos para a prestación do servizo.
UNE 184001	Cámpings e cidades de vacacións. Requisitos para a prestación do servizo.
UNE 186001	Establecementos balnearios. Requisitos para a prestación do servizo.
UNE 188001	Campos de golf. Requisitos para a prestación do servizo.
UNE 188002	Estacións de esquí e montaña. Requisitos para a prestación do servizo.
UNE 189001	Servizos turísticos de intermediación. Requisitos para a prestación do servizo.
Serie de normas UNE 167000	Servizos de restauración.

Orde do 27 de maio de 2008 pola que se abre un novo prazo de presentación das solicitudes e se modifica a máxima porcentaxe subvencionable dos equipos que se acollan ao abeiro da Orde do 4 de marzo de 2008 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión de axudas en réxime de concorrencia competitiva, das subvencións para a substitución de guindastres-torre desmontables para obras na Comunidade Autónoma de Galicia no ano 2008 (IN420A).

A Consellería de Innovación e Industria ditou a Orde do 4 de marzo de 2008 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión de axudas en réxime de concorrencia competitiva, das subvencións para a substitución de guindastres-torre desmontables para obras na Comunidade Autónoma de Galicia (*Diario Oficial de Galicia* nº 52, do 13 de marzo).

Na citada disposición establécese que o prazo de presentación das solicitudes será dun mes contado a partir do día seguinte ao da publicación desta orde no *Diario Oficial de Galicia*, así como que a contía máxima da subvención neta equivalente poderá alcanzar ata o 20% do custo do investimento subvencionable.

Tendo en conta a desaceleración que está a sufrir o sector da construción, na súa actividade produtiva considérase necesario abrir un novo prazo de presentación de solicitudes, así como o incremento da contía máxima do investimento subvencionable.

En consecuencia, en uso das atribucións que me foron conferidas,

DISPOÑO:

Artigo único.-Abrir un novo prazo para a presentación das solicitudes, que será dun mes contado a

a partir do día seguinte ao da publicación desta orde no *Diario Oficial de Galicia*, así como a contía máxima da subvención neta equivalente, que poderá alcanzar ata o 40% do custo do investimento subvencionable, a cal se aplicará a todos os beneficiarios, tanto aos que solicitaron a axuda no primeiro prazo de presentación das solicitudes, como aos que presenten neste novo prazo.

Para todo o non previsto nesta orde, atenderase ás bases reguladoras e a convocatoria da Orde do 4 de marzo de 2008, polo que se establecen as bases reguladoras para a concesión, en réxime de concorrencia competitiva, das subvencións para a substitución de guindastres-torre desmontables na Comunidade Autónoma de Galicia no ano 2008 (DOG nº 52, do 13 de marzo).

Santiago de Compostela, 27 de maio de 2008.

Fernando Xabier Blanco Álvarez
Conselleiro de Innovación e Industria

CONSELLERÍA DE SANIDADE

Orde do 27 de maio de 2008 pola que se establecen as bases reguladoras e se convocan axudas en réxime de concorrencia competitiva ás entidades privadas sen ánimo de lucro para a realización de programas de prevención do alcoholismo.

De conformidade co Decreto 45/2006, do 23 de febreiro, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Sanidade, correspóndenlle a esta as competencias en materia de sanidade, de acordo co Estatuto de autonomía para Galicia e nos termos sinalados pola Constitución española.

O Servizo Galego de Saúde, organismo autónomo de carácter administrativo, foi creado pola Lei 1/1989, do 2 de xaneiro, reformada pola Lei 8/1991, do 23 de xullo, e parcialmente derrogada pola Lei 7/2003, do 9 de decembro, salvo no relativo á súa creación, e está adscrito á Consellería de Sanidade. A estrutura orgánica do Servizo Galego de Saúde actualmente regúlase no Decreto 46/2006, do 23 de febreiro, e os seus fins e funcións regúlanse no capítulo I do título IV da devandita Lei 7/2003, do 9 de decembro.

O Decreto 389/1994, do 15 de decembro, polo que se regula a saúde mental en Galicia e o Plan estratéxico de saúde mental 2006-2011 teñen por obxecto establecer as directrices xerais de actuación na saúde mental e a asistencia psiquiátrica, a regulación dos dispositivos dirixidos á promoción e protección da saúde mental, a prevención das enfermidades psíquicas e a asistencia, rehabilitación e integración dos enfermos mentais.